

## Concurso de fotografía amateur – ALLARIZ EN CORES

---

### 1. COMPAÑÍA ORGANIZADORA

O Concello de Allariz, con domicilio social en Praza Maior, 1 (Allariz) con CIF P3200200H, organiza o concurso de fotografías amateur baixo o título **#AllarizenCores2020**.

### 2. OBXECTO DA MECÁNICA DO CONCURSO

A visita a Allariz durante o outono de 2020 é requisito indispensable para participar no CONCURSO **#AllarizenCores2020**.

A través do correo electrónico **participa@allariz.gal**, a persoa participante poderá enviar un fotografía localizada en Allariz que se identifique claramente que é realizada no Concello de Allariz. As fotografías estarán publicadas no facebook do Concello de Allariz unha vez a semana.

Deberán indicar no correo o nome completo, teléfono de contacto e lugar de onde se tomou a fotografía.

A organización do concurso designará un xurado composto con profesionais locais. A participación no concurso supón a cesión e autorización expresa de todos os dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sobre as fotografías participantes, de xeito que o participante cede ao Concello de Allariz os dereitos de explotación de natureza intelectual, industrial e/ou de imaxe que puideran corresponderlle ao derivar das participacións enviadas para participar no concurso.

### 3. DURACIÓN E ÁMBITO

O concurso estará aberto entre o día **21 de outubro ata o 20 de novembro de 2020**.

### 4. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar todas as persoas físicas maiores de 18 anos, que non se adiquen a fotografía profesionalmente e que realicen as fotos dentro do Concello de Allariz.

#### Requisitos

- A foto debe ter sido tomada en Allariz durante o outono de 2020.
- As fotos deben incluír algún elemento que identifique claramente que é Allariz.
- As fotos deben ser enviadas en formato .jpg podendo ser horizontais, verticais ou cadradas, e irán acompañadas dun título e da procedencia do/a participante.
- Cada participante poderá enviar unha foto. Quedará internamente identificado/a polo seu nome completo e correo electrónico e número de teléfono e non serán públicos.
- As fotografías que incumpran o citado nestas bases eliminaranse do concurso e non serán publicadas.

## Concurso de fotografía amateur – ALLARIZ EN CORES

---

### 5. SELECCIÓN DA FOTOGRAFÍA GAÑADORA

A fotografía que reciba máis puntuación por parte do xurado será a gañadora do premio. No caso de empate o xurado deberá realizar unha segunda votación.

A organización porase en contacto coa persoa gañadora a través dos datos facilitados e o premio deberá ser recollido pola persoa agraciada no Centro de Promoción Económica de Allariz (Rúa O Portelo, 4 – 2º piso).

O fallo do concurso farase público 27 de novembro de 2020.

### 6. PREMIOS

A organización premiará aos autores/as das 3 fotografías que seleccione o xurado con:

**1º Premio: 150€.**

**2º Premio: 100€**

**3º Premio: 50€**

Os premios deberán gastarse no Comercio e Hostalería de Allariz **ata o 31/12/2020.**

### 7. PROTECCION DE DATOS

Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recollidos nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, e serán empregados exclusivamente para este concurso e as comunicacións pertinentes, sendo eliminados pasado os tempos legais preceptivos. Conforme á lei vixente os interesados poden exercer respecto dos seus datos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando unha carta á CONCELLO DE ALLARIZ Praza Maior 1 32660 ALLARIZ Ourense ou no correo electrónico: [participa@allariz.gal](mailto:participa@allariz.gal).

### 8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte da mesmas implicará a exclusión da persoa participante e como consecuencia, o Concello de Allariz quedará liberado do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

A participación neste concurso implica a aceptación das bases, así como os cambios que o Concello de Allariz poda levar a cabo no concurso por causas xustificadas.